



O presente documento estará  
exposto no Taboeiro de  
Anuncios desta Deputación  
desde o día 21-03-2024  
ata a día 01-04-2024  
O XEFE DA UNIDADE  
PORTERÍA E VIXIANCIA

P.O.

**DECRETO**

Tras ver a proposta da deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, a teor do seguinte texto:

“Por resolución da presidencia de data 14.03.2024 publicada na páxina web da entidade no apartado Emprego Público - RRHH o día 15.03.2024, apróbase a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas ao proceso selectivo convocado por acordo da Xunta de Goberno de 26.01.2014 para ampliar a vixente listaxe de emprego de Auxiliar de Sala (cota xeral e cota de reserva a persoas con discapacidade), para prestar servizos de carácter temporal na Rede Museística da Deputación Provincial de Lugo (Bases xerais BOP núm. 079, do 06.04.2020 e corrección erros BOP núm. 161, do 15.07.2020. Convocatoria e bases específicas BOP .núm. 027, do 01.02.2024).

A base xeral 6.2 sinala que, as persoas aspirantes poderán presentar alegacións á listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas no prazo de 3 días hábiles, a contar dende o seguinte á publicación da resolución que aproba a listaxe provisional na web corporativa da Deputación de Lugo.

Dentro deste prazo de presentación de alegacións, que foi dende o 18.03.2024 ao 20.03.2024, as persoas aspirantes don José Benito Rodríguez Gil, don Marco Antonio Barcala Morais e dona Alba Rivas Regal, presentan as seguintes alegacións:

Alegación Primeira.- Don José Benito Rodríguez Gil, o día 15.03.2024 e número de rexistro de entrada 2024RT004108, alega que figura na listaxe provisional de persoas admitidas dentro da cota xeral como José Rodríguez Rodríguez en lugar de José Benito Rodríguez Gil.

Na listaxe provisional de persoas admitidas dentro da cota xeral, co número 23, figura como admitido don José Rodríguez Rodríguez.

Revisada a solicitude de participación no proceso selectivo presentada polo alegante o día 03.02.2024 co número de rexistro de entrada 2024RT001418, compróbase que o alegante cubre nos espazos destinados aos apelidos e nome Rodríguez Rodríguez, José e número de DNI \*\*\*3039\*\*. Na documentación que acompaña á solicitude figura o documento nacional de identidade co nome de José Benito Rodríguez Gil e número de documento \*\*\*3039\*\*.

Á vista do anterior, procede acceder ao solicitado por considerar que o alegante cometeu un erro material á hora de cubrir a súa solicitude de participación no proceso selectivo.

Alegación Segunda.- Don Marco Antonio Barcala Morais, o día 19.03.2024 e número de rexistro de entrada 2024RPE005481, alega que na listaxe provisional de persoas admitidas dentro da cota xeral figura co nome de Marcos en lugar de Marco Antonio.

	IV7XVXAJHTZDXLVIW36U73R7KM	Fecha y Hora	20/03/2024 17:40:59
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO (SECRETARIO XERAL)		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (PRESIDENTE)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XVXAJHTZDXLVIW36U73R7KM">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XVXAJHTZDXLVIW36U73R7KM</a>	Página	1/4



O presente documento estará  
exposto no Taboeiro de  
Anuncios desta Deputación  
desde o día 21-03-2024  
ata a día 01-04-2024  
O XEFE DA UNIDADE  
PORTERÍA E VIXIANCIA P.O.



Na listaxe provisional de persoas admitidas dentro da cota xeral, co número 3, figura como admitido don Marcos Barcala Morais.

Revisada a solicitude de participación no proceso selectivo presentada o día 12.02.2024 co número de rexistro de entrada 2024RPE003261, obsérvase que o alegante cubriu no apartado nome "Marco", rexistrándose de entrada por erro "Marcos".

Á vista do anterior, considérase que debe aceptarse a alegación por existir un erro no apunte do rexistro de entrada.

Alegación Terceira -Dona Alba Rivas Regal, o día 19.03.2024 e número de rexistro de entrada 17449/RX956327, alega que presentou a solicitude de participación no proceso selectivo e non figura na listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas ao proceso selectivo.

Comprobada a listaxe, obsérvase que a alegante non figura na dita listaxe cando efectivamente presentou solicitude de participación dentro do prazo de presentación de instancias o día 12.02.2024 e número de rexistro 2027RPE003238, cumprindo todos os requisitos esixidos na base xeral 4 e na base específica 4 para poder ser admitida.

Á vista do anterior, procede admitir a alegación e incluír na listaxe como admitida dentro da cota xeral a dona Alba Rivas Regal.

En base ao anteriormente exposto e vista a base xeral 6.3, propónse á presidencia que, en uso das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o artigo 54 do vixente Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP núm. 202, do 03.09.2020, resolva:

1º.- Admitir a alegación formulada en prazo por don, o día 15.03.2024 e número de rexistro de entrada 2024RT004108, modificando o nome a apelidos que figura na listaxe provisional de persoas admitidas na cota xeral co número 23, debendo figurar na listaxe definitiva de persoas admitidas na cota xeral como José Benito Rodríguez Gil, co número 24, motivado en que responde a un erro material do alegante ao cubrir a solicitude de participación.

2º.- Admitir a alegación formulada en prazo por don Marco Antonio Barcala Morais, modificando o nome que aparece na listaxe provisional de persoas admitidas na cota xeral co número 3, debendo figurar na listaxe definitiva de persoas admitidas na cota xeral como Marco Antonio Barcala Morais, co número 3, motivado na existencia dun erro no apunte do rexistro de entrada.

3º.- Admitir a alegación formulada en prazo por dona Alba Rivas Regal, debendo figurar na listaxe definitiva de persoas admitidas na cota xeral co número 23, motivado en que non se incluíu por erro.

	IV7XVXAJHTZDXLVIW36U73R7KM	Fecha y Hora	20/03/2024 17:40:59
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO (SECRETARIO XERAL)		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (PRESIDENTE)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XVXAJHTZDXLVIW36U73R7KM">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XVXAJHTZDXLVIW36U73R7KM</a>	Página	2/4





4º.- Aprobar a seguinte listaxe definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas ao proceso selectivo:

P.O.  
*(Firma)*

A.- Cota Xeral.

A.1.- Persoas admitidas.

Nº	Apelidos e Nome
1	Aguila Seijas, Cristian
2	Andión Fernández, Andrea
3	Barcala Morais, Marco Antonio
4	Cela Ferreiro, Sila
5	Copa Álvarez, Lidia
6	Díaz Ferreiro, María Saray
7	Duarte Rodríguez, Iago
8	Fernández Fernández, Olga María
9	García Souto, Xoa Carlos
10	González Valcarce, Tomás
11	Jiménez García, Luciano
12	López De La Villa, María Del Valle
13	Magdalena Rodríguez, Cristian
14	Méndez Cores, Eva
15	Moreno Da Costa, Patricia
16	Pallín Pérez, Laura
17	Peón Trigo, Ana Isabel
18	Pérez Murado, Daniel
19	Pérez Núñez, Lucas
20	Pintor Vigo, Jacobo
21	Prados Vilar, Álvaro
22	Ramos Campo, Eva
23	Rivas Regal, Alba
24	Rodríguez Gil, José Benito
25	Rodríguez Silva, Fernando
26	Sánchez Arteaga, Jorge Andrés
27	Varela Guerrero, Ignacio
28	Zapata Gómez, María Karina

B.- Cota Reserva a Persoas con Discapacidade

B.1.- Persoas admitidas

Nº	Apelidos e Nome
1	García Correa, Esther
2	Ramil Iglesias, María

	IV7XVXAJHTZDXLVIW36U73R7KM	Fecha y Hora	20/03/2024 17:40:59
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO (SECRETARIO XERAL)		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (PRESIDENTE)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XVXAJHTZDXLVIW36U73R7KM">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XVXAJHTZDXLVIW36U73R7KM</a>	Página	3/4



O presente documento estará  
exposto no Taboeiro de  
Anuncios desta Deputación  
desde o día 21-03-2024  
ata a día 01-04-2024  
O XEFE DA UNIDADE  
PORTERÍA E VIXIANCIA

P.O. 

## B.2.- Persoa excluída

Nº	Apelidos e Nome	Motivo Exclusión
1	Cuevas Mateo, José Urbano	Solicitud de participación presentada fóra de prazo (13.02.2024)

5º.- Publicar a presente a resolución na web corporativa da Deputación de Lugo, no apartado Emprego Público (RRHH) e no taboleiro de anuncios da entidade.

Contra a listaxe definitiva, as persoas aspirantes poderán interpoñer, con carácter potestativo recurso de reposición, diante do presidente no prazo dun mes a partir do día seguinte o da publicación desta resolución na web corporativa, ou ben recurso contencioso - administrativo diante do Xulgado Contencioso - Administrativo de Lugo no prazo de dous meses dende o día seguinte á citada publicación sen prexuízo de que se interpoña calquera outra que se estime oportuno.

Non obstante, as persoas interesadas poderán presentar as alegacións que estimen convenientes para a súa consideración na resolución que poña fin ao procedemento conforme ao artigo 112.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.”

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta Presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes.

**O PRESIDENTE,**  
P.D. Decreto de data 04-07-2023  
**O DEPUTADO PROVINCIAL,**

**O SECRETARIO,**

Asdo: Pablo Rivera Capón

	IV7XVXAJHTZDXLVIW36U73R7KM	Fecha y Hora	20/03/2024 17:40:59
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO (SECRETARIO XERAL)		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (PRESIDENTE)		
Uri de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XVXAJHTZDXLVIW36U73R7KM">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XVXAJHTZDXLVIW36U73R7KM</a>	Página	4/4

